
ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA CORUÑA CELEBRADA O XOVES DÍA 22 DE MARZO DE 2018

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión extraordinaria ás 13:00 horas do xoves día 22 de marzo de 2018 coa seguinte orde do día:

1. Master Interuniversitario de Enxeñería Aeronáutica: informe e constitución da comisión interuniversitaria

ASISTEN OS SRES:

PROFESORES :

PROFESORES

Baldomir García	Aitor
Colominas Ezponda	Ignasi
Galán Díaz	Juan José
Herrador Barrios	Manuel F.
Martínez Abella	Fernando
Martínez Lage	M ^a Isabel
Orro Arcay	Alfonso
París López	José
Romera Rodríguez	Luis Esteban

ESTUDANTES

Álvarez Espiñeira	Kevin
Vázquez Varela	Miguel Ángel

PERSOAL ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Cruz Viqueira	M ^a Pilar
---------------	----------------------

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Juan José Galán.

1. **Master Interuniversitario de Enxeñería Aeronáutica: informe e constitución da comisión interuniversitaria**

O Director comenza explicando o percorrido da proposta dos estudos do Master en Enxeñería Aeronáutica feita pola Escola fai dous anos. Un punto importante foi a decisión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de instar ás Universidades de Vigo e da Coruña a acordar unha única titulación interuniversitaria.

Durante a súa intervención, o Director fai entrega do esquema do plano de estudos para este máster que fóra aprobado en Xunta de Escola para a solicitude da titulación.

Acto seguido, o Director informou dunha reunión entre representantes da Universidade da Coruña e a Escola de Enxeñería Aeroespacial de Ourense. Por parte da Universidade da Coruña, asistiron: a Vicerrectora de ordenación académica e Innovación Docente Nancy Vázquez, o Director Ignasi Colominas, o profesor José París e o profesor Santiago Hernandez e pola banda da Escola ourensá o Director da mesma. Nesa reunión o director da Escola de Ourense manifestou a súa inqueda pola falta de profesores especialistas para a impartición de asignaturas técnicas. Tamén lles dixo que a Universidade de Vigo tiña un compromiso coa Universidade de León para impartir un máster conxunto e polo tanto as tres Universidades deberían chegar a un acordo. Nese punto, tanto o Director como a vicerrectora rexeitaron de xeito expreso dita proposta.

Intervén o profesor Fernando Martínez Abella para preguntar o número de alumnos matriculados no máster de León. O Director resposta que foron 3 estudantes.

O Director explica as distintas maneiras posibles de implementar o mestrado interuniversitario, salientando que aínda non está nada definido. Informa de que na reunión propuxo que o mestrado aprobado en 2016 pola Xunta de Escola e a UDC fora o documento de traballo para o mestrado interuniversitario. En esa reunión, acórdase tamén crear unha comisión de traballo entre os dous centros. A devandita comisión estaría formada por seis membros; tres de cada centro.

Intervén o profesor Alfonso Orro para preguntar sobre as funcións da comisión. O director indica que é para definir como se vai impartir e organizar o plano de estudos que se aprobou en Xunta de Escola.

Intervén a profesora Isabel Martínez para preguntar si se modificará o plano de estudos. O director indicalle que en principio non quere que se modifique nada substancial, exceptuando naqueles eidos que sexa necesario facelo, como por exemplo no caso das prácticas obrigatorias.

Logo de varias intervencións dos membros da comisión, o director propón que tres membros do equipo de dirección da Escola (o director, o subdirector e o xefe de estudos) sexan os representantes na comisión de traballo entre os dous centros. Pola Escola de Ourense serán tamén tres membros da dirección.

Apróbase.

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 14:00 do 22 de marzo de 2018.

Vº. Bº.

Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico